



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "A RESTAURACIÓN GALEGA SEN GLUTE", NO ANO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Asociación de celíacos de Galicia (ACEGA) é unha entidade de carácter privado sen ánimo de lucro, creada en 1998 co obxectivo fundamental de axudar a todas as persoas afectadas pola enfermidade celíaca e dermatite herpetiforme. Agrupa, con carácter voluntario, a persoas celíacas, aos pais ou titores de nenos e nenas celíacos/as e a todas aquelas persoas enfermas cuxo tratamento esixa manter unha dieta sen glute, a fin de tratar as solucións máis idóneas aos problemas de tipo social, psicolóxico e técnico que poden presentarse como consecuencia da súa condición. A Asociación de celíacos de Galicia (ACEGA) pertence á Federación de Asociacións de celíacos de España quen ten por obxecto xuntar o esforzo e coordinar o traballo realizado polas asociacións e federacións de persoas celíacas para mellorar a calidade de vida das persoas que forman este colectivo e conseguir a súa integración social.

A consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de acordo co establecido no o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten como obxectivo o de exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia.

As actuacións a desenvolver pola Asociación de celíacos de Galicia (ACEGA) en relación cos diferentes obxectivos específicos do proxecto, serán as seguintes:

1. A formación a establecementos hostaleiros sitos na Comunidade Autónoma de Galicia acerca de como elaborar un correcto menú sen glute, así como, a difusión da normativa actual en materia de alérxenos. Tras a formación , entrégaselle un certificado de formación a cada persoa traballadora que asista aos cursos.
2. A realización de actividades de asesoramento técnico así como de información de provedores e asistencia nas tarefas de cambio de carta-menú sen glute.
3. Visita anual aos establecementos colaboradores, con carácter voluntario para estes , co obxecto de coñecer as necesidades do hostaleiro eeste convenio de colaboración. De ser o caso, entregárase o distintivo indicador de eadar suxestións das familias ao establecemento, co fin de valorar a necesidade de renovación de formación e de avaliar o impacto do desenvolvemento do programa no local e nas familias que acuden aos establecementos de restauración. De ser o caso, entregárase o distintivo indicador de que o local se atopa asesorado pola Asociación de Celíacos de Galicia.



Ditas actuacións van encamiñadas a mellorar a calidade de vida das familias nas que algún dos seus membros ten unha enfermidade celíaca e contribuír á mellorar a súa integración social a través deste programa de seguridade alimentaria, contando para elo coa colaboración dos establecementos hostaleiros que estean interesados.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, esta interesada en apoiar estas actuacións mediante a concesión directa dunha subvención a través da sinatura dun convenio de colaboración.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O custo total do programa é de 97.180,44 €. O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude para o ano 2025. O importe subvencionado é de 53.892,32€.

Consideraranse gastos subvencionables para o desenvolvemento pola entidade do programa subvencionado aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa desagregación que figura no cadro de abaixo, e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro do ano 2025 ata a data límite de xustificación.

-Datos económicos.

Os gastos desagregados correspondentes ao programa son os seguintes:





	Custo total do proxecto	Custo Subvencionado
Gastos de persoal	52.999,44€	38.727,32 €
Gastos de desprazamento e dietas (a incluír na nómina)	2.496,00 €	
Control analítico	4.500,00€	
Material Formación	2.000,00€	2.000,00€
Accións divulgativas:		
Redes sociais e Feiras	5.465,00€	5.465,00€
Vídeos promocionais	3.000,00€	3.000,00€
IV Feira Gastronómica en Galicia Sen Glute	26.720,00 €	4.700,00€
TOTAL	97.180,44€	53.892,32€

O seguinte cadro reflicte a comparativa entre os gastos subvencionables con cargo ao convenio 2024, e os previstos para o ano 2025.

Gastos	2024	2025
Persoal	32.399,04 €	38.727,32€
Material didáctico e recursos formativos	2.000,00 €	2.000,00€
Accións divulgativas (redes sociais, feiras e vídeos promocionais)	12.365,00 €	8.465,00€
Feira Galicia sen Glute ((organización, loxística)	7.900,00	4.700,00
TOTAL	54.664,04€	53.892,32€

Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.





O persoal adscrito á execución do programa réxese polo establecido no **convenio colectivo de Oficinas e Despachos da provincia da Coruña**. Está formado por 2 formadores.

A persoa formadora 1 ten categoría laboral 2 " xefe superior" en tanto que a persoa formadora 2 ten categoría laboral 4 " Formador",.

A desagregación dos gastos de persoal é a seguinte:

FORMADOR 1				
	Contrato 40 horas semanais		Conveniado 40 horas semanais - 11 mensualidades	
Concepto salarial	1 mes	Total 12 mensualidades	% subvencionable	Total 11 mensualidades
Bruto Nómina mes	1.985,11€	23.821,32€	100%	21.836,21€
Seguridade Social Empresa	639,60€	7.675,20€	100%	7.035,60€
Total custo entidade/mes	2.624,71€	31.496,52€	100%	28.871,81€

FORMADOR 2				
	Contrato 40 horas semanais		Conveniado 15 horas semanais - 11 mensualidades	
Concepto salarial	1 mes	Total 12 mensualidades	% subvencionable	Total 11 mensualidades
Bruto Nómina mes	1.355,25€	16.263,00€	50%	7.453,88€
Seguridade Social Empresa	436,66€	5.239,92€	50%	2.401,63€





Total custo entidade/mes	1.791,91€	21.502,92€	50%	9.855,51€
---------------------------------	------------------	-------------------	-----	-----------

O prazo de realización de gastos será o establecido entre o 1 de xaneiro do ano 2025 e o 15 de decembro do ano 2025.

O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total da subvención concedida poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade beneficiaria xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez rematada e xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

- Fitos e obxectivos

As actuacións a desenvolver por ACEGA no código de proxecto 2016-174 encádranse nos seguintes obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030.

EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.

OBXECTIVO OPERATIVO OO03 - programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalados para este ano no dito proxecto 2016-174 "Programa de apoio ás familias" son:

P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes) - 430



P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) -470

O obxecto deste convenio, pola súa natureza, non contribúe á consecución dos indicadores fixados para o código de proxecto co que se financia.

- Territorialización do gasto

O programa desenvólvese en toda a Comunidade Autónoma

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobó Rey Sastre

